XUNTA E ARQUITECTOS COLABORARÁN PARA FACILITAR A TRAMITACIÓN TELEMÁTICA DAS LICENZAS URBANÍSTICAS

- ***O Goberno galego achega case 150.000 euros á sinatura dun convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)***
- ***Trátase dunha aposta innovadora no eido da administración electrónica a nivel estatal, que redundará no beneficio de todas as administracións e dos cidadáns***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace á sinatura dun acordo entre a Consellería de Presidencia, a Secretaría Xeral de Modernización e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), que ten como obxectivo facilitar a tramitación e posterior outorgamento telemático das autorizacións de licenzas urbanísticas desde as Administracións galegas.

O convenio, que se enmarca dentro das acción definidas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia tendentes a posibilitar a solicitude, tramitación e posterior outorgamento telemático das licenzas e autorizacións de obra e urbanismo, así como normalizar e simplificar os procesos de validación e supervisión técnica necesarios para estas.

O Goberno galego financiará a totalidade das accións do convenio, que conta cun orzamento de 149.500 euros e que permitirá poñer en marcha un proxecto con beneficios para todas as administracións galegas e para a cidadanía, que será un exemplo de innovación no eido da administración electrónica a nivel estatal.

O traballo con documentos dixitais en vez de documentos en papel e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a cooperación e comunicación dos implicados no proceso son as características principais da solución proposta, o que permitirá un aforro de custos e tempos, ademais de mellorar o servizo á cidadanía.

O convenio de colaboración prevé, en definitiva, a implantación de novos procedementos que normalicen e simplifiquen os proceso de solicitude, tramitación e validación de proxectos e demais traballos profesionais visados, así como o desenvolvemento dunha pasarela telemática para o envío recepción dos proxectos de edificación, unha vez estean visadas polo Coag.

Pasarela telemática
Esta pasarela enmárcase dentro do proxecto da Xunta para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade Autónoma galega para que, a posteriori, se

Gabinete de Comunicación
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: gabinete@xunta.es

poida integrar en todos os procedementos de concesión de licenzas ou autorizacións administrativas relacionadas cos distintos actos de urbanización, edificación e usos do solo suxeitos a licenza urbanística previa.

Entre outros obxectivos, a iniciativa persegue a normalización da información e documentación dos proxectos de edificación, procedementos simplificados, normalizados e adaptados, a interoperabilidade entre as administracións públicas e o Colexio de Arquitectos, a implantación da tramitación telemática e fomentar a transparencia e a homoxeneidade nos procesos urbanísticos.

A maiores, o proxecto permitirá outros beneficios a medio prazo, como o impulso da eAdministración e da inteoperabilidade nas entidades locais galegas, a obtención automática de datos estatísticos sobre edificabilidade en Galicia, información xeorreferenciada dos edificios de Galicia e a posibilidade de estender esta solución a outros procesos urbanísticos.

Gabinete de Comunicación
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: gabinete@xunta.es